



CIRCULAR INFORMATIVA 12/2024

1. ACORDO DE CREACIÓN DA XUNTA ELECTORAL

A Xunta de Goberno, na sesión do 12.09.2024, tomou entre outros o seguinte acordo:

«Creación da Xunta Electoral (art. 80 dos Estatutos do ICA Santiago):

O artigo 79 dos Estatutos colexiais establece que as eleccións para cubrir os cargos vacantes da Xunta de Goberno terán lugar dentro do último trimestre do ano.

O artigo 80 establece que os procesos electorais se desenvolverán baixo a supervisión dunha Xunta Electoral que velará pola boa marcha de todos os trámites do proceso electoral.

En cumprimento da devandita normativa, esta Xunta de Goberno, con observancia dos requisitos que establece o artigo 80 (colexiados/as exercentes residentes, antigüidade e que non formen parte de ningún outro órgano colexial), elixiu os seguintes membros para formar a Xunta Electoral:

Titulares:

- Presidente: D. José Carlos García Cumplido, col. 685
- Secretario: D. Miguel Ángel Fernández Rodríguez, col. 813
- Vogal: D. Ramón García Seara, col 1151

Suplentes (para cubrir posibles vacantes dos titulares):

- 1º suplente: D. Manuel Luis Silva Constenla, col 1333
- 2º suplente: Dª Elena Gómez-Segade González, col. 1570
- 3ª suplente: D. Miguel Ángel Bouza López, col. 1968

Os tres membros titulares da Xunta Electoral formarán a mesa electoral o día do acto da votación, na que exercerán os seus cargos correspondentes de presidente, secretario e vogal.

O secretario técnico do Colexio auxiliará a Xunta Electoral en todos os trámites necesarios e participará nas súas reunións, así como na mesa electoral con voz pero sen voto.»

2. ACORDO DE REORGANIZACIÓN DA COMISIÓN DEONTOLÓXICA E DISCIPLINARIA

A Xunta de Goberno, na sesión do 12.09.2024, tomou entre outros o seguinte acordo:



CIRCULAR INFORMATIVA 12/2024

«Reorganización da Comisión Deontolóxica e Disciplinaria:

Tras a entrada en vigor o pasado 02.09.2024 do novo Regulamento de procedemento disciplinario do CGAE, a Xunta de Goberno tomou o acordo de reorganizar a Comisión Deontolóxica e Disciplinaria, que é a encargada de tramitar as dilixencias de información previa e os expedientes disciplinarios.

A dita comisión estará formada por todos os deputados/as da Xunta de Goberno e polo secretario técnico do ICA Santiago, que actuará como secretario. Organizarase da seguinte forma:

Dilixencias de información previa:

- Iniciaranse por denuncia ou de oficio por acordo da Comisión ou da Xunta de Goberno.
- Relator: Manuel Arza Galán (secretario técnico)
- O relator das DIP non poderá intervir como instrutor ou secretario nos posteriores expedientes disciplinarios.

Expedientes disciplinarios:

- O instrutor e o secretario serán nomeados de entre os deputados da Xunta de Goberno, que irán rotando nos expedientes sucesivos.
- O instrutor e o secretario do expediente non poderán participar na votación da Xunta de Goberno que o resolva.
- A resolución do expediente corresponderalle á Xunta de Goberno.»